



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 29 DE XANEIRO DE 2020

Alcalde-Presidente:

D. Carlos Ladra Brage

Concelleiros/as;

D<sup>a</sup>. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)

D<sup>a</sup>. Diana M<sup>a</sup>. Rodríguez Fernández(Gr.Socialista)

D. Iago Varela Martínez (Gr. BNG)

D<sup>a</sup>. Paula González Grueiro (Gr. BNG)

D<sup>a</sup>. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)

D<sup>a</sup>. María Elena Arias Martínez (Gr. Popular)

D. Manuel González López (Gr. Popular)

D. Javier Fernández Brage (Gr. Popular)

D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup>. José Bouza Varela (Gr. Popular)

D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (En Marea-Gr.Mixto)

Secretaria-Interventora accidental:

D<sup>a</sup>. Susana Fernández Muiño

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove horas e trinta minutos, do 29 de xaneiro de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Carlos Ladra Brage, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaria-Interventora accidental, dona Susana Fernández Muiño, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

#### 1. Proposta de aprobación do Regulamento de Participación Veciñal.

O Sr. Alcalde dá a palabra a Secretaria-Interventora accidental que expón que o primeiro punto da orde do día trata da proposta de aprobación, se procede, do Regulamento de Participación Veciñal do Concello de Cabanas, elaborado polo Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Cabanas, e concelleiro Delegado de Participación Veciñal, D. Iago Varela Martínez. No expediente administrativo consta a seguinte documentación: Proposta de Regulamento de Participación Veciñal, Providencia de Alcaldía na que se solicita informe de Secretaría, Informe de Secretaría, Providencia de Alcaldía na que se dispón a publicación de dita proposta no taboleiro da sede electrónica, publicación do Regulamento na sede electrónica, certificado de publicación da dita proposta de Regulamento que se emite pola propia plataforma de Gestiona, certificado de Secretaría de exposición pública, onde se consta que estivo exposto ao público durante o tempo establecido e que non tiveron entrada no Rexistro Xeral opinións ou alegacións á dita proposta, Providencia de Alcaldía na que se dispón someter a proposta de dito Regulamento á Comisión de Asuntos do Pleno e Ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, celebrada en data de 17 de xaneiro, na que se ditamina a favor da aprobación polo Pleno da presente proposta.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O concelleiro do BNG, Sr. Varela Martínez, expón que desde o Goberno considera que a participación veciñal na vida municipal ten que ser continua e non quedar reducida unicamente aos procesos electorais cada catro anos. Con este Regulamento de Participación Veciñal o Concello de Cabanas pretende establecer diferentes vías de participación da veciñanza na vida municipal, tanto dunha maneira individual como tamén colectiva, dentro das posibilidades que nos ofrece a lexislación vixente.

O Regulamento establece o procedemento polo cal a veciñanza e as entidades de Cabanas poden participar, informándose e opinando sobre diferentes aspectos da vida municipal do Concello e, así mesmo, contando tamén coa creación da Asemblea veciñal e do Consello de Participación Veciñal como órganos de participación. Manifesta que é o seu compromiso que este Regulamento sexa o primeiro paso para poder avanzar na participación veciñal, coa vontade de que sexa un documento aberto a futuras melloras, de acordo coas diferentes necesidades que poidamos ver da súa aplicación.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, expón que en relación a este Regulamento teñen que dicir unha serie de consideracións. Di que votan en falta, dunha maneira moi evidente, dereitos da veciñanza, porque fóra do que unha asemblea veciñal que é informativa, de carácter informativo, consultivo, por unha banda e despois un Consello de Participación Cidadá, no que só participan fundamentalmente grupos políticos, os membros do goberno e as asociacións, aquí non se achega nada mais; máis ben o contrario, se dan pasos atrás na participación veciñal en canto á democratización da participación nos plenos porque vostedes teñen que coñecer o Estatuto do Veciño que está establecido no Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais. Nese Regulamento e Estatuto do Veciño, unha asociación para falar no Pleno só ten que pedir a palabra xusto antes de que comece o Pleno, e vostedes establecen como requisito que presenten unha solicitude con vinte e catro horas de antelación: manifesta que no artigo 20 hai outro paso atrás: os veciños, normalmente, é un costume que había aquí dende a pasada lexislatura que viñan os veciños ao Pleno, escoitaban todo o que tiñamos que dicir nós e despois, ao final, como di aquí na Ordenanza, pedían a palabra para falar despois e así se establece na propia Ordenanza. No ROF non aparece ningún requisito a maiores; sen embargo vostedes requiren iso aos veciños, que con vinte e catro horas de antelación soliciten por rexistro a palabra. Entende que son dous pasos atrás moi importantes porque tanto as asociacións como os veciños sabían cales eran os seus dereitos no Estatuto do Veciño do Regulamento de Funcionamento, que é de carácter estatal, e que se vai a ver substituído por este Regulamento de Participación Veciñal, porque segundo a normativa así está establecido. Cree que deben de reflexionar sobre estas cuestións que lles está mencionando.

Por outra banda, fóra deses dous órganos que crean, quéreslle lembrar que a principio desta lexislatura solicitaron un Consello Sectorial de Medio Ambiente e Urbanismo para ter unha oportunidade de regulalo. Está feita a proposta, a fixo no Pleno de organización e dixeron que non e para nós é importante porque o Urbanismo e o Medio Ambiente son temas moi





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

relevantes e que deberían de ter un trato e unha participación aberta. Supón que non a terán neste Consello de Participación Veciñal de carácter xenérico.

A maiores ven outra cuestión que causa moitísima atención: establecen moitos deberes para os veciños e para as asociacións pero para o grupo de goberno non hai deberes. É a primeira vez que me atopo cun regulamento onde o Concello non se compromete a nada fóra do que xa estaba establecido na lexislación vixente. Din que existirá un Libro de Queixas e Reclamacións, pero para algo está o Rexistro Xeral. O Rexistro Xeral crea dereitos aos veciños. Cree que perderon outra oportunidade para regular esas aplicacións que andan facendo propaganda delas e mais o WhatsApp do Concello para equipararse ao Rexistro Municipal, porque realmente cando un veciño lles envía unha comunicación a eses medios que vostedes puxeron ao servizo da veciñanza, non están informando de que ese medios non xeran ningún dereito de resolución.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, comeza dicindo que cando se trata de modificar algún tipo de ordenanza ou a creación de novas ordenanzas, cando o Partido Popular estaba no goberno, a vostedes sempre se lles deu a oportunidade, por medio dunha Xunta de Portavoces de dar as súas aportacións cando se trataba dalgún tipo de modificación ou, incluso da creación de novas ordenanzas. Vostedes, en cambio, que tanto falan de ser participativos son participativos cero; á oposición seguen sen tela en conta absolutamente para nada, e se lles esquece que o señor Sardiña é un concelleiro e nós somos, nin máis nin menos, que catro. Pregunta como poden gobernar sen ter en conta o respaldo veciñal que temos catro concelleiros do Partido Popular e un concelleiro de En Marea. Manifesta que a participación hai que demostrala dando a oportunidade de que a oposición participe. Pregunta como pretenden facer partícipes aos veciños se non son capaces de facer partícipes a resto de concelleiros.

Manifesta que lles parece un paso atrás, porque evidentemente esta burocratización non favorece en absoluto aos veciños de Cabanas. Somos unha poboación principalmente maior e principalmente rural; entón, todos estes trámites, todos estes pasos o único que fan é entorpecer o dereito dos veciños e a comunicación co goberno e cos concelleiros. Continúa a intervención dicindo que entre os seus deberes está consensuar coa oposición.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha segunda quenda de intervencións.

O voceiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez di que, como dixo na primeira intervención, este é un documento aberto a futuras melloras e é un primeiro paso para avanzar na participación veciñal que, ata o de agora, era inexistente neste Concello. Non entende como alguén pode estar en contra deste documento, pois estalo supón estar en contra de que a veciñanza, participe na vida política deste Concello. Manifesta que se queren vetar a iniciativa popular, que o digan claramente, que teñan a valentía de dicir claramente que queren vetar a participación da xente na vida pública deste Concello. En canto ao tema legal, di que o expediente seguiu o regulamento que establece a lei e estivo en exposición pública aberto a todas as persoas, non soamente aos grupos políticos, senón tamén a toda a veciñanza que quixera poñer o seu grao de area para mellorar este documento, e non tivo ningunha aportación,





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Cuestiona que se consideraban que era un documento tan malo, tan emendable, porqué non fixeron as súas achegas en tempo e forma, ou fóra de tempo, incluso. Coméntalles que tiveron a oportunidade de facelo en Comisión, hai apenas quince días e tampouco o fixeron. Manifesta que con este Regulamento toda a veciñanza ten dereito a preguntar no Pleno, establecido legalmente. Di que non lle veñan a dicir aquí que na anterior lexislatura había dereito a falar cando tiñan un Alcalde que cortaba as palabras cando os veciños viñan aquí a preguntar cousas. Consideran que este documento está aberto a melloras na súa aplicación e que o irán adaptando.

A concelleira da AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, manifesta que non entende como se no Pleno de organización do Concello de Cabanas se estipulou que houbera unha Comisión de Asuntos do Pleno, incluso se deu máis marxe desde esa Comisión, que son quince días ata este Pleno, como non tiveron tempo todos os concelleiros a aportar, se querían aportar realmente algo, algunha novidade; manifesta que non son perfectos, que pode haber cousas que se puideron haber aportado, pero tiveron tempo suficiente, quince días antes do Pleno, para poder aportalas. Se non, non entende cal é a función que ten esta Comisión de Asuntos do Pleno.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña di que si para participar nun Pleno, ou mellor dito, nunha regulación dunha ordenanza hai que ter un PIN municipal para acceder a esta ordenanza, había que ter DNI electrónico, clave de DNI electrónico para acceder a ela, non estaba colgada na páxina web de maneira aberta. Comenta que lle solicitou ao Sr. concelleiro de Participación cantas persoas consultaran este documento e non lle soubo responder. Cuestiona porqué na Asemblea Veciñal non hai Secretaría

Manifesta que lle pareceu indigna esta ordenanza e que di o que ten que dicir no Pleno, publicamente, para que o escoiten todos os veciños, non nunha Comisión entre nosoutros. Di que lles dixo que isto choca coa Lei de Bases de Réxime Local; pregunta que fan aquí dicíndolle que será obrigatoriamente discutidos no Pleno municipal unhas propostas que lles fai falta máis do 5% do censo, de firmas, con DNI, para presentar unha iniciativa legislativa popular, unha iniciativa popular. Dille que polo menos mire a Regulación da Federación Española de Municipios e Provincias. Pregúntalle se sabe cal é o límite para presentar unha iniciativa popular nese Regulamento da Federación Española de Municipios e Provincias e se quere que llo diga, se o sabe e reponde el mesmo que non o sabe e que el xa o sabía. Respóndelle o Sr. Pérez Sardiña que o 1% e pregúntalle se sabe o que pon aquí: máis do 5%. Comenta que a técnica normativa deste goberno é ter máis do 5% das sinaturas para presentar unha iniciativa popular, máis, cando regulamentos que están feitos por moitos técnicos da administración local só solicitan o 1%, non máis. Pregúntalle onde está a referencia á Axenda 21 e se coñecen a Axenda 21 que está aprobada por este Pleno e que aí establécense pautas para a participación veciñal. Pregúntalles se saben o que é iso. Di que, en ningún caso, nesta Axenda 21 se pedía que os veciños tiñan que presentar por rexistro audiencia ao Pleno, vinte e catro horas antes, por escrito, en ningún sitio.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, di que, en principio, en ningún momento faláron de que ían a vetar esta iniciativa, non faláron de votar en contra. Faláron





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

de que están en contra das formas, da burocratización. Primeiro gustaríalle deixar a calquera persoa que estea aquí presente fóra disto porque o Sr. Castrillón non está aquí Repítelles que xa había e xa hai un Estatuto do Veciño; do que están en contra é da burocratización. Di que están nun concello eminentemente rural e cunha poboación envellecida, como toda Galicia; polo tanto, haberá que facilitar que os veciños se acerquen non burocratizar e non poñer trabas e dificultades e o único que piden, así como que haxa unha Xunta de Portavoces para permitir que a oposición participe e poida dar as súas aportacións cando se trata dalgún tipo de modificación ou aprobación de novas ordenanzas; que teñen que dar a oportunidade antes á oposición para poder introducir as modificacións que consideren necesarias.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, di que na lexislatura pasada tampouco se daba ese caso, que se poden contar cos dedos dunha man, que el tamén estaba. Manifesta que as comisións están para algo, están para discutir e falar e non quedarse calados e soamente vir a votar; dilles que se tiñan algo que dicir o digan nas comisións, que se pode negociar como se ten feito en moitas ocasións anos atrás e durante o tempo da Comisión ata o Pleno se poden modificar. Tiveron quince días para facelo e non o fixeron; agora está feito. Matiza que ao Sr. Castrillón se pode nomear porque era o Alcalde que houbo aquí; ao igual que o Sr. Castrillón tamén estivo nomeando durante 12 anos a Sra. Modesta.

A continuación a Presidencia somete a votación a proposta, resultando 6 votos a favor dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira de AEC (Grupo Mixto), 1 voto en contra do concelleiro En Marea (Grupo Mixto) e 4 abstencións, dos representantes do Grupo Popular, resultando aprobada a proposta.

### **2. Proposta de aprobación do Regulamento de Venda Ambulante e Feiras.**

O Sr. Alcalde dá a palabra a Secretaria-Interventora accidental que expón que o segundo punto da orde do día trata da proposta de aprobación, se procede, do Regulamento de Venda Ambulante e Feiras do Concello de Cabanas, elaborado polo concelleiro de Promoción Económica e Turismo, D. Iago Varela Martínez. Infórmase que no expediente administrativo consta a seguinte documentación: Proposta do Regulamento de Venda Ambulante e Feiras do Concello de Cabanas, Providencia de Alcaldía na que se solicita informe de Secretaría, Informe de Secretaría, Providencia de Alcaldía dispoñendo a publicación da proposta de Regulamento na sede electrónica e no taboleiro de anuncios, publicación da proposta do Regulamento na sede electrónica, certificado de publicación da dita proposta de Regulamento emitido pola plataforma Gestiona, certificado da Secretaría de exposición pública e da non presentación de opinións ou alegacións á dita proposta, Providencia de Alcaldía de dispoñer e someter a proposta de dito Regulamento á Comisión de Asuntos do Pleno e Ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, celebrada en data de 17 de xaneiro.

A Secretaria-Interventora accidental menciona que, tanto esta proposta de Regulamento como a proposta de Regulamento de Participación Veciñal, si se publicaron no taboleiro da sede electrónica e podíase acceder sen ter que marcar PIN ou DNI electrónico. Na sede







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

electrónica, taboleiro de anuncios, aí podíase acceder. Manifesta que non sabe como funcionaba o enlace da páxina web, pero desde logo, en [cabanas.gal](http://cabanas.gal), sede electrónica, taboleiro de anuncios podíase ver porque o primeiro que fai cando colga un anuncio, un bando ou calquera tipo de publicación é acceder para ver si se ve ou non se ve, e os dous víanse na sede electrónica, no taboleiro, sen ningún tipo de certificado dixital.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

O voceiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, expón que, como o seu propio nome indica, este Regulamento ten por obxecto regular aspectos específicos sobre o exercicio da venda ambulante e a realización de feiras e mercados no concello. Este ámbito está regulado, na súa meirande parte, por lexislación autonómica e eles o que pretenden con este Regulamento é tentar organizar, marcando unhas normas sobre aspectos específicos de como teñen lugar as feiras en Cabanas en aspectos que ata o de agora se viñan organizando dunha forma un pouco anárquica, con resultados que viron como moi negativos nos primeiros meses de goberno. Así, regúlanse aspectos como os horarios, as zonas para a realización da feira, as condicións da montaxe e desmonte dos postos e a documentación que necesitan presentar as persoas que estean interesadas en participar nesas feiras.

Manifesta que con este Regulamento garántese a boa convivencia da actividade da venda ambulante e mercados, solucionando problemas específicos, establecendo un texto de referencia á hora de resolver disputas na realización destas actividades. E tamén como o documento anterior, é un texto que está aberto a revisión no caso de que na súa publicación vexamos que haxa cousas para mellorar.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, expón que na Comisión, como no punto anterior, advertiulles dalgunhas cuestións, e lles fixo unha pregunta moi concreta sobre o artigo 7 do Regulamento, que deixaba ao libre albedrío da Alcaldía a aplicación das taxas. Isto lles sorprende porque entra en colisión directamente coa Ordenanza que, en principio, establece que non hai exencións nin bonificacións e así puideron comprobalo. Se no artigo 7 da Ordenanza da taxa di: "de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 39/1978, do 28 de decembro, non se reconece beneficio tributario algún salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais ou veñan previstos en normas con rango de lei", gustaríalles aclarar se vai a cumprir o regulamento ou se vai a cumprir a ordenanza. Ven unha inseguridade xurídica e gustaríalles e reiteran que tiveran quince días para responder esa pregunta e que non o fixeron, e comenta a ver si son capaces agora aquí no Pleno de facelo; como tampouco responderon ás observacións que lles fixo no seu momento na Comisión sobre este Regulamento anterior sobre Participación Cidadá.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que con respecto a este punto entenden que cada goberno ten a súa forma de facer as cousas. No anterior goberno fíxose segundo un criterio diferente e di que agora están eles no goberno e teñen todo o dereito de ter un criterio distinto. Aí non se van a opoñer. Simplemente puntualiza que lles parece,





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

unha vez mais, máis burocratización e poñer as cousas, de novo, máis difíciles. Entenden que é a súa maneira de facer as cousas e aí non van a dicir máis.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha segunda quenda de intervencións.

O voceiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez di que están totalmente en desacordo con que este regulamento só incorpore burocracia. O que incorpora, e iso é o principal, son unhas normas de xogo claras, ás que todo o mundo pode facer referencia, uns dereitos e uns deberes, porque como dicía antes, a organización de feiras e mercados en Cabanas, ata o de agora, era anárquica e improvisada, iso é algo do que están en contra e que queren corrixir. Di que xa lle respondeu á pregunta do Sr. Pérez Sardiña na Comisión. Ese punto está posto para si, por exemplo, se hai unha proposta dunha feira duna Asociación contra o Cancro, por exemplo, poder non cobrarlle esa taxa por instalación dos postos; é un tema de solidariedade, por iso o deixaron a unha decisión da Alcaldía.

O concelleiro do EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que deixan a decisión á Alcaldía no regulamento pero na ordenanza, que é a que establece a taxa legalmente non. Esa é a súa cuestión. Non ve que resolvan o tema da taxa. O tema da taxa segue sen exencións nin bonificacións, sexa benéfico ou deixe de selo. Di que lles advertiu o outro día que tiñan que modificar a ordenanza dalgunha maneira, pero non lle responde aínda. Non sabe se están seguros se con este regulamento o Alcalde pode facer unha exención arbitrariamente porque tería que facela en contra da ordenanza porque esa é a cuestión xurídica. Polo demais, di que, en xeral, a ordenanza ten as súas cuestións que eles non comparten, que se complica demasiado a organización destes eventos polos distintos tipos de solicitudes, distintos tipos de colocacións. Pode ser a oportunidade tamén de recuperar outro tipo de feiras e que podían ter tamén a súa proxección polas zonas nas que se celebraban. Manifesta que como non lle aclaran ese tema se van a abster.

A continuación, A Presidencia somete a votación a proposta resultando 6 votos a favor dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira de AEC (Grupo Mixto), ningún voto en contra, e 5 abstencións dos representantes do Grupo Popular e do concelleiro de En Marea (Grupo Mixto), resultando aprobada a proposta.

### 3. Proposta de aprobación do Regulamento Rexistro Municipal de Entidades

O Sr. Alcalde dá a palabra a Secretaria-Interventora accidental que expón que o terceiro punto da orde do día trata da proposta de aprobación, se procede, do Regulamento do Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Cabanas elaborada pola Alcaldía. Infórmase que Consta no expediente administrativo a seguinte documentación: Proposta do Regulamento do Rexistro Municipal de Entidades, Providencia de Alcaldía solicitando o informe de Secretaría, Informe de Secretaría, Providencia de Alcaldía dispoñendo someter a devandita proposta á Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e Ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, celebrada en data de 17 de xaneiro de 2020 a favor da aprobación polo Pleno da Corporación da presente proposta do Regulamento.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández manifesta que o obxectivo do presente regulamento é coñecer o número existente de entidades locais, cales son os seus fins, representatividade e incidencia, co fin de posibilitar unha correcta política de fomento do asociacionismo municipal, de acordo cos principios de obxectividade, imparcialidade e igualdade. Poderán obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións todas aquelas legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións da Comunidade Autónoma, cuxo funcionamento sexa democrático e sen ánimo de lucro, que teñan por obxecto a mellora de intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, en particular, as asociacións de veciños, de nais, de pais, entidades culturais, deportivas, recreativas e xuvenís. Di que pretenden establecer con ela as formas, medios e procedementos de información e participación da veciñanza de Cabanas, polo que se ven na obriga de establecer un marco xurídico regulador do Rexistro Municipal de Asociacións, o cal era inexistente no Concello de Cabanas, para poder coñecer cal é a realidade do tecido asociativo e de participación colectiva, e poder facer unha política tendente ao agrupamento das asociacións, co fin de ter unha información precisa que dea aportacións públicas que temos que emprender para favorecer e fomentar a participación cidadá nos asuntos de interese público, así como para evitar a dispersión de recursos.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, di que a ven como unha duplicidade co Regulamento de Participación Veciñal, no que aparece incluído ademais un Capítulo 1 que non fai referencia ao presente Regulamento de Rexistro Municipal de Entidades; isto é básico pero cada un fai a lexislación como pode. Entenden que este regulamento tampouco estivo exposto ao público, tiveron coñecemento del na propia Comisión da súa existencia, igual co de feiras; a través da páxina web municipal ía directamente a un acceso con PIN municipal; a xente non sabe que hai un taboleiro e vai á páxina web e á aplicación que pon na páxina we, e por iso se pode falar de PIN municipal; insisten nunha burocratización da xestión das asociacións e quérelles lembrar que teñen mocións pendentes de varias asociacións municipais sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, reitera que a oposición quixera ter a oportunidade de participar nesta creación de novas ordenanzas ou modificación de ordenanzas xa existentes. Manifesta que se queren ter un concello participativo terán que empezar por todos os membros do goberno. En calquera caso, cren que isto non presenta nada moi distinto do que xa aparece no Regulamento de Participación Veciñal e no lles están aportando nada novo, desde o seu punto de vista.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha segunda quenda de intervencións, sen que que exista ningunha intervención ao respecto.

A continuación, a Presidencia somete a votación a proposta, resultando 6 votos a favor dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira de AEC (Grupo Mixto),







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

ningún voto en contra, e 5 abstencións dos representantes do Grupo Popular e do concelleiro En Marea (Grupo Mixto), resultando aprobada a proposta.

#### 4. Proposta de modificación da Ordenanza de Axuda de Emerxencia Social.

O Sr. Alcalde dá a palabra a Secretaria-Interventora accidental que expón que o cuarto punto da orde do día trata da proposta de aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza de Axuda de Emerxencia Social do Concello de Cabanas elaborada pola concelleira delegada de Servizos Sociais, D<sup>a</sup>. Diana Rodríguez Fernández. Infórmase de que consta no expediente administrativo a seguintes documentación: Proposta de modificación da dita Ordenanza, Providencia de Alcaldía solicitando o informe de Secretaría, Informe de Secretaría, Providencia de Alcaldía solicitando dispoñer someter a devandita proposta á Comisión Informativa de Servizos Sociais, Igualdade, Sanidade, Cultura, Educación e Deporte e Ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Igualdade, Sanidade, Cultura, Educación e Deporte, celebrada o 24 de xaneiro, a favor da aprobación polo Pleno da Corporación da presente proposta de modificación da Ordenanza.

Existe un voto particular ao ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Igualdade, Sanidade, Cultura, Educación e Deporte sobre a dita ordenanza, presentado polo Concelleiro de En Marea, Don Xosé Manuel Pérez Sardiña con rexistro de entrada 2020 e RPLE-1 de data de 27 de xaneiro de 2020.

Posteriormente, mediante dilixencia de Secretaría, de 27 de xaneiro de 2020, trasládase voto particular presentado polo Concelleiro Don Xosé Manuel Pérez Sardiña a todos os membros da corporación, así como a inclusión do mesmo no expediente administrativo da convocatoria do presente Pleno.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra ao Sr. Pérez Sardiña para a exposición do voto particular.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), manifesta que é importante facer unha modificación en varios sentidos e de profundidade, porque eliminar un título como o de potestade sancionadora, de infraccións e sancións ten a súa relevancia ética, cando menos, porque aquí non se está a falar de cantidades. Propoñen suprimir ese título terceiro, de potestade sancionadora, con infraccións e sancións; quere lembrarlles que nesa ordenanza hai unha relación de sancións que vai de 500 € a 3.000 €, que son cantidades moi importantes e que, en principio, estarían resoltas noutro apartado, no que se regularía a devolución cando hai un cobro indebido a raíz dunha investigación na que se detecte que houbo fraude ou calquera cousa; entenden que coa devolución dos cartos sería, ao noso entender, suficiente. Non viron en ningunha ordenanza do entorno este apartado e chamoulles moito a atención.

En segundo lugar, tratar de que as contías das axudas, que están expresadas no artigo 10, se faga referencia ao IPREM, porque no momento en que se suba o IPREM tamén se van subir estas axudas e así non teñen que realizar actualizacións periódicas. É unha base de cuestións de correccións que non vai facer mención a ela e que está aí e que non vai a





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

detallar. E por último, tamén propón que se abra un expediente para elaborar a primeira ordenanza de renda básica municipal, que tamén demandan.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que simplemente queren dicir que lles parece correcto facer o voto particular porque entenden que é pertinente ver todas estas modificacións.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha segunda quenda de intervencións.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández di que, con respecto ao número 1, suprimir o Título III: potestade sancionadora, infraccións e sancións, si que están de acordo en quitar as contías económicas, deixando como ben di o Sr. Pérez Sardiña decidir a cesación e/ou a devolución da prestación de axuda en caso de comisión de falta. No caso de faltas graves, sanción e en faltas moi graves a cesación, a prestación e a devolución da axuda.

Con respecto ao punto 2, desde o Departamento de Servizos Sociais non consideran esa modificación; ademais de que si poñen o IPREM, cando haxa unha modificación na suba do IPREM, pois terían que volver a traer a modificación ao Pleno, ser aprobada e entón decidiron deixala tal e como está.

No punto 3, con respecto á corrección ortográfica, da as grazas pero dille que antes de publicar a ordenanza no BOP normalmente se fai unha corrección ortográfica.

No punto 4, gustaríalle saber en base a que solicita unha renda básica municipal.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que solicitan suprimir o Título III porque, no caso de que se detecte calquera tipo de irregularidade, hai un apartado de devolución.

Sobre facer a referencia ao IPREM, o ven necesario porque efectivamente non é necesario modificar se hai calquera suba do IPREM. Non están de acordo con iso. Están de acordo co SMI; di que, de feito, algúns deles saben que en febreiro de 2018 presentaron unha moción que foi aprobada por este Pleno sobre a modificación da Ordenanza de Emerxencia Social. E nesa moción facíase mención concretamente a outras cantidades; nun momento determinado especificábase o nivel de renda das persoas que poden ser beneficiarias das axudas do 50% do IPREM de efectos múltiples, cando as circunstancias o que recomendan e, así se está a facer en bastantes concellos, achegando o 100% como neste caso dúas veces ou máis, ou mesmo tomar como referencia o salario mínimo interprofesional, que esta é a súa opción. Comenta que as cantidades máximas destas axudas tamén poderían ser máis elevadas, pasando de 600 € a, cando menos, 1.300 € por persoa física, unidade familiar ou de convivencia.

E nesta mesma liña, tamén inclúen nesta moción, que noutros concellos, houbo aumentos das axudas previstas para pagamentos de subministracións para completar a pobreza enerxética como luz (ata 300 €), gas (ata 300 €), auga (200 €), ademais doutras propias





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

como as relativas de atención sanitaria (ata 600 €) e a inclusión de gastos polivalentes, é dicir, aqueles de primeira necesidade que non están reflectidos noutros tipos de axudas ata 750 € anuais. Isto o fixeron daquela, pediron tramitar esa modificación de 2018, que non se cumpriu, tardou o Concello dous anos en facelo.

Na súa proposta está implícito tamén a renda básica municipal, porque polas contías estábamos tratando que se regulase unha renda básica municipal, que para situacións de reintegración social, cun itinerario evidentemente, e hai casos neste concello, non un nin dous, que se poderían incluír neste tipo de itinerarios de renda básica municipal. Esta é a súa proposta. Eles poden estar de acordo ou non con ela. A ven necesaria e si que a ve como unha solución a reintegrar a moita xente na vida laboral a través desta iniciativa. Habería que concretar especificamente coa participación dos Servizos Técnicos municipais na regulación desa renda básica.

A continuación, a Presidencia somete a votación de cada un dos puntos, un por un:

-Punto 1 do voto particular: a Presidencia pregúntalle ao Sr. Pérez Sardiña se admite a proposta feita pola concelleira (manter o Título III, de potestade sancionadora). O Sr. Pérez Sardiña non comparte o título, que non casa coas devolucións, polo que non admite a proposta, sometido a votación, resulta 1 voto a favor, do concelleiro de EM (Grupo Mixto), 4 abstencións, dos representantes do Grupo Popular, e 6 votos en contra, dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira e AEC (Grupo Mixto), resultando rexeitado dito punto.

-Punto 2 do voto particular: sometido a votación, resulta 1 voto a favor, do concelleiro de EM (Grupo Mixto), 4 abstencións, dos representantes do Grupo Popular, e 6 votos en contra, dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira e AEC (Grupo Mixto), resultando rexeitado dito punto.

-Punto 3 do voto particular: sometido a votación, resultas 7 votos a favor, dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG, concelleira de AEC (Grupo Mixto) e concelleiro de EM (Grupo Mixto), ningún voto en contra, e 4 abstencións, dos representantes do Grupo Popular, resultando aprobado dito punto

-Punto 4 do voto particular: sometido a votación, resulta 1 voto a favor, do concelleiro de EM (Grupo Mixto), 4 abstencións, dos representantes do Grupo Popular, e 6 votos en contra, dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira e AEC (Grupo Mixto), resultando rexeitado dito punto.

Realizada a votación do voto particular presentado polo concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, iníciase o debate do punto cuarto da Orde do Día, Proposta de modificación da Ordenanza de Axuda de Emerxencia Social.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcese as intervencións coas opinións que se recollen a continuación





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

A concelleiro do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández, manifesta que as axudas de emerxencia social constitúen unha prestación económica ou en especie, de carácter urxente e extraordinaria, destinadas a paliar situacións carenciais e transitorias imprevistas ou excepcionais, así como previr o agravamento das mesmas, polo que despois de facer un estudo da demanda da poboación e a súa situación persoal, desde o Departamento de Servizos Sociais decidiuse facer esta modificación, pola necesidade de ampliar as áreas de intervención, ademais das contías das axudas.

Ademais de ampliar a poboación beneficiaria, pretender facer un traballo de prevención, tentando evitar consecuencias físicas, psíquicas e sociais, que a carencia de recursos suficientes provocan, e que afectan ao normal desenvolvemento da veciñanza, polo que pasan de ser axentes, non so a nivel asistencial con axudas básicas como poder ser alimentación, aloxamento e roupa, senón tamén a nivel preventivo.

Está fundamentada na poboación de Cabanas e nas demandas no ámbito dos Servizos Sociais do Concello. As axudas poden ir dirixidas ás seguintes situacións de intervención derivadas de faltas de recursos económicas que impidan coberturas das necesidades básicas; axudas paliativas de situación de necesidade persoal; axudas dirixidas a mantemento de vivenda non contempladas noutros programas como reparacións de electrodomésticos de primeira necesidade, reparacións urxentes de luz, auga corrente, creación de sanitarios; situacións imprevisibles de emerxencia que xeren un gasto especial; axudas de carácter puntual ás que as persoas usuarias non poden facer fronte por carencia de recursos; situacións especiais sobrevidas por causa de padecemento dalgunha enfermidade grave ou que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas ou calquera outra necesidade que requira gastos adicionais aos do Sistema Público de Saúde.

Comenta que os cambios concréntanse basicamente na ampliación dos baremos das persoas solicitantes da axuda, pasando dunha renda per cápita mensual igual ou inferior ao 50% do IPREM, é dicir, uns 268,92 € e a unha renda per cápita igual ou inferior a dúas veces o IPREM, o que ven sendo 1.075,68 €. Un cambio considerable para poder chegar a un número máis amplo de persoas con necesidades específicas e con dificultade para cubrilas.

Con respecto ás necesidades básicas, nalgúns casos se aumentan a contía das axudas, como é no caso da alimentación, facendo unha achega máis xusta. No caso da alimentación infantil, igual que os gastos derivados de nacemento de menores, pásase de 200,00 € a 600,00 €. No apartado de medicación, tamén dobran a contía, baseándose, sobre todo, nas enfermidades crónicas. No punto 12, de actividades que teñen como obxectivo a integración e necesidade de actividades extraescolares, importantes para o desenvolvemento das persoas, segundo os informes do Departamento de Servizos Sociais. En tratamentos ou intervencións psicosociais, xa que en Servizos Sociais detectouse un número importante de persoas de dita intervención onde non se tivo un sitio na que cadralas, como por exemplo, axuda a logopedia, intervención psicolóxica especializada, etc. As axudas ao transporte para as persoas que teñen que acudir a algún servizo especializado, xa sexa sanitario, psicolóxico, social ou xurídico ou de saúde mental, por exemplo, que





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

teñen que acudir a diario e non teñen transporte gratuíto co gasto que iso supón para estas persoas.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, procede á lectura do artigo 23. Reintegro de cantidades para que conste en acta, e opina que non é necesario manter o Título III, non entendendo o seu voto:

*“Artigo 23. Reintegro.*

*Procederá o reintegro das cantidades obtidas en concepto de Axuda de Emerxencia Social, con esixencia do interese de demora establecido legalmente, nos seguintes casos:*

- Ter obtido a axuda falseando ou ocultando datos que determinasen a súa denegación.*
- Destinar a axuda a outros fins distintos daqueles que se especificasen na resolución de concesión.*
- Non xustificar a aplicación da Axuda ou xustificar fóra de prazo.*
- Nos demais casos previstos na lexislación reguladora de subvencións.”*

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que, desde o Partido Popular, só queren deixar constancia que durante os anos de goberno do Partido Popular ninguén en Cabanas quedou sen atender cando solicitou axuda, demostrando estar cualificado, ese é o quid da cuestión. En todos estes anos, incluso, mandouse información para informar sobre a solicitude de axudas. Quedarían persoas sen cubrir pero porque non presentaban os requisitos necesarios. Calquera persoa que demostrara ter necesidade non quedou sen axuda.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha segunda quenda de intervencións.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández, manifesta que, ao igual que sucedía antes, non hai ningunha persoa en Cabanas que estea descuberta e as que quedan descubertas é polo que acaba de dicir a Sra. Arias Martínez: porque non compren os requisitos que se esixen; cumprindo eses requisitos toda a xente está cuberta, considerando en canto información que todo o mundo está informado de que hai estas axudas.

A continuación a Presidencia somete a votación a proposta, resultando 6 votos a favor dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira de AEC (Grupo Mixto), ningún voto en contra e 5 abstencións, dos representantes do grupo Popular e do concelleiro En Marea (Grupo Mixto), resultando aprobada a proposta.

### **5. Moción “Seguridade marítima na ría de Ares e xestión do embarrancamento e rescate do Blue Star”. Grupo BNG.**

O Sr. Alcalde dá a palabra a Secretaria-Interventora accidental, que expón que o quinto punto da orde do día trata dunha moción presentada polo Grupo BNG, con rexistro de entrada 2019 ERC 337 de data 31 de decembro de 2019 en relación á seguridade marítima na ría de Ares e xestión do embarrancamento e rescate do Blue Star. Consta no expediente a moción presentada polo Grupo BNG así como o Ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, celebrada en data 17 de xaneiro de 2020, a favor da aprobación polo Pleno da presente moción.







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra ao voceiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, que procede a expoñer a moción:

### ***“INICIATIVA SOBRE A SEGURIDADE MARÍTIMA NA RÍA DE ARES E XESTIÓN DO EMBARRANCAMENTO E RESCATE DO BLUE STAR***

#### ***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*A ría de Ares dispón dunha importante riqueza produtiva, con pesca de baixura, marisqueo a pé e a flote, submarinismo para recursos específicos (ourizo de mar, anémones...) ou recollida de percebes, afectando ás confrarías de Lorbé, Sada, Miño, Pontedeume e Ares, ademais das da Coruña e Barallobre, que contan con plans de explotación conxuntos. A isto hai que sumarlle as potencialidades que a ría presenta tamén, desde o punto de vista natural, paisaxístico e turístico.*

*Se ben as características naturais da ría de Ares fixeron, innegabelmente, que sexa un lugar onde ao longo da historia embarcacións en problemas buscaron refuxio, a consideración legal da ría como “lugar de refuxio” para os buques que transitan cara aos portos da Coruña e Ferrol ten suposto un factor constante de ameaza á ría en xeral e á súa riqueza en particular, ao non incluír as ordes que regulan esta condición (Orde FOM/2014, de 3 de Outubro e na que se afectan ao porto de Ferrol parte das augas do denominado “fondeadoiro de Ares”) as medidas de control e, no seu caso, de actuación contra calquera continxencia que se puidese producir na estadia dos buques na ría.*

*Estas eivas e ameazas puxéronse de manifesto dunha forma flagrante co embarrancamento do Blue Star, ocorrido o pasado 22 de novembro, e a xestión posterior das tarefas até o seu rescate exitoso o pasado 10 de decembro. A inexistencia, polo menos a nivel práctico operativo, dun plan nos que consten procedementos e protocolos de actuación, que teñan en conta as limitacións operativas e medioambientais para garantir asistencia, salvamento e intervención no caso de accidentes na ría de Ares é un feito obxectivo e innegábel a partir do vivido estes días.*

*A sensación xeralizada en toda a comarca, á que axudou a falta de transparencia e de información pública, é que a xestión realizouse cunha total improvisación.*

*Por estas razóns, e na procura da claridade e transparencia sobre o acontecido e da posta en marcha de medidas que impidan que un feito similar poida acontecer de novo, o Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno do Concello de Cabanas esta iniciativa, propoñendo a adopción dos seguintes*

#### **ACORDOS**

- 1. Demandar do organismo competente do Goberno do Estado – como Administración actualmente responsábel en materia de salvamento marítimo – informe pormenorizado das razóns que levaron ao encallamento do Blue Star e, así mesmo, dos protocolos postos en marcha para a asistencia, salvamento e operación de intervención no caso de contaminación; tendo en conta a consideración da ría de Ares como lugar de refuxio.*
- 2. Solicitar da Xunta de Galicia que informe de cal foi a súa intervención neste proceso e, especificamente, na toma de decisións que se adoptaron ao respecto do encallamento e rescate do buque; e tamén con relación á información ao sector pesqueiro e marisqueiro eventualmente afectado.*





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

3. *Urxir do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza medidas específicas de compensación ao sector pesqueiro e marisqueiro polos prexuízos económicos derivados da prohibición de faenar que se mantivo desde o encallamento á retirada do buque.*
4. *Esixir do goberno do Estado a revisión da Orde que regula a condición da Ría de Ares como zona de servizo ou fondeadoiro dos portos de A Coruña e Ferrol; demandando garantías na dotación de medios, sistemas e protocolos de control para enfrontar calquera incidente ou accidente marítimo que se poida producir na ría.*
5. *Demandar do Goberno do Estado a transferencia das competencias exclusivas en materia de Salvamento Marítimo e Loita contra da Contaminación Mariña no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza, de acordo co disposto nos artigos 150.2 da Constitución e 36 do Estatuto de Autonomía para Galiza.”*

Remata a exposición da moción, o Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Ferreiro, manifesta que desde o Grupo Socialista están de acordo coa moción que presenta o BNG; sen embargo, gustaríalles que non se contara co punto nº 5, expoñendo a posibilidade de que se puidera retirar.

A concelleira da AEC-Grupo Mixto, Sra. García Amor, di que están de acordo, que nos vemos afectados de cheo ante calquera vertido na nosa Ría, co perigo que hai continuo, e que xa se veu nestes días atrás, polo que están a esixir uns protocolos e responsabilidades ante calquera accidente. Tamén están de acordo en que é convinte ter medidas para paliar prexuízos económicos como no punto 3 desta moción; esixir a revisión das regulacións dos fondeadeiros cuns protocolos de garantía de control para evitar tamén ningún problema nin vertido que vaia afectar directamente a Cabanas; sen embargo, como saben, a Agrupación de Electores de Cabanas sempre estivo un pouco remisa a demandar do goberno do Estado transferencias e atribucións, polo que cuestionan o punto 5.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, gustaríalle que se aclarase o tema do punto 5. Di que hai que saber que estas competencias son de carácter exclusivo do Estado español porque afecta ás fronteiras e, polo tanto, a transferencia podía ser doutro tipo de modalidade; podían trasladar para aquí unha sede deste organismo que se ocupa desa misión de Salvamento Marítimo; tal e como está habería que solicitar a reforma da Constitución primeiro. El resumiría pedirles ás administracións competentes os informes para coñecer cales foron as circunstancias, sendo Estado ou Xunta de Galicia, e cre que con iso xa lles chega como corporación.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, di que a postura da Xunta de Galicia sobre este tema é que a Xunta despregou os seus medios inmediatamente despois de ter constancia que un quimiqueiro perdera o control das máquinas aquela noite. Por outra parte, sempre a Administración Autonómica estivo a disposición de Salvamento Marítimo e do goberno central. Este caso, evidentemente, pon de manifesto de novo sobre a mesa o debate de si Salvamento Marítimo debería ser competencia do Goberno de España ou se,





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

polo contrario, deberían ser as autonomías as encargadas de xestionar este organismo. Di que si que é verdade que, en calquera caso, hai que esperar para valorar, que se aclare efectivamente este punto si debería de pasar ou non a competencia á Xunta de Galicia exclusivamente.

O Sr., Alcalde, Ladra Brage, abre unha segunda quenda de intervencións.

O voceiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, di que presentan esta iniciativa porque pensan que é necesaria unha maior transparencia sobre o acontecido e sobre a falta dun protocolo de actuación. Por moito que a Ría de Ares sexa un lugar natural de refuxio, a súa adopción oficial como tal non se corresponde cun aumento das medidas de control. Á vista de que todos os grupos, agás eles, están de acordo na supresión do punto 5, consideran a súa eliminación para que a súa aprobación sexa cun maior consenso posible.

Sen ningunha intervención máis ao respecto, de seguido, a Presidencia somete a votación a moción presentada polo Grupo BNG, coa exclusión do acordo establecido no punto 5º da moción, resultando sete votos a favor dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG, concelleira de AEC (Grupo Mixto), concelleiro de EM (Grupo Mixto), 4 votos en contra, dos representantes do Grupo Popular, e ningunha abstención, quedando aprobada a moción.

### **6. Moción sobre o financiamento das entidades locais na prestación do Servizo de Axuda no Fogar polo Grupo Socialista.**

O Sr. Alcalde dá a palabra a Secretaria-Interventora accidental que expón que o sexto punto da orde do día trata dunha moción presentada polo Grupo Municipal Socialista, con rexistro de entrada 2020-E-RC-82, de data 14 de xaneiro de 2020, sobre o financiamento das entidades locais na prestación do Servizo de Axuda no Fogar. Consta neste expediente administrativo a seguinte documentación: a moción presentada polo Grupo Municipal Socialista así como o Ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, celebrada en data 17 de xaneiro de 2020 a favor da aprobación polo Pleno da presente moción.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra á concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández, que procede á lectura da moción presentada polo Grupo Socialista, sobre o financiamento das entidades locais na prestación do Servizo de Axuda no Fogar:

*“MOCIÓN sobre o financiamento das entidades locais na prestación do servizo de Axuda no Fogar.*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Pero estamos a asumir, cada vez máis, competencias impropias, que deberían asumir outras administracións. Competencias que non veñen acompañadas do suficiente elou correspondente financiamento co que facerlles fronte.*

*A Axuda no Fogar é unha desas competencias impropias xa que corresponde ás administracións autonómica e estatal pero que, cada vez de xeito máis preocupante, está a supoñer unha carga financeira, ás veces xa inaudible, para os orzamentos locais.*





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*A Xunta de Galicia aporta dende o ano 2008 9.70 €/hora (como máximo) sen levar a cabo ningunha actualización, quedando estancado o prezo/hora. Outras administracións, como a Deputación de A Coruña, aportan, dende o ano 2018, 12 €/hora: un prezo máis acorde co custe total do servizo.*

*O que está a suceder neste momento é que os concellos nos vemos na obriga de actualizar as licitacións para a prestación deste servizo. Estas novas licitacións, ás que agora temos que facer fronte dende os concellos, contemplan actualizacións de prezos que van dende os 16€/hora ata os case 23€/hora, xa que, como é normal, nos últimos anos, os salarios incrementáronse e os convenios colectivos modificáronse.*

*Dito incremento de prezo/hora redundará, en grande medida en:*

- Unha xusta mellora nas precarias condicións contractuais que a día de hoxe sofren as traballadoras (na súa inmensa maioría) e os traballadores deste servizo.*
- Unha mellora das prestacións ás persoas usuarias (fundamentalmente persoas maiores e dependentes).*

*Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta:*

*1.- A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á aportación que fai a Deputación de A Coruña.*

*2.- A Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020, que permitan aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.”*

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcese as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

A concelleira do BNG, Sra. González Grueiro, manifesta que para poder prestar servizos de calidade, os concellos teñen que estar ben financiados e, nesta liña, o Servizo de Axuda no Fogar, precisa dun incremento orzamentario. A conxelación da aportación da Xunta aos concellos fai que estes teñan que asumir con medios propios o pago deste servizo cando é, como moi ben lembra esta moción, unha competencia impropia e que lle correspondería á Xunta de Galicia. As xustas reclamacións de melloras laborais para as persoas traballadoras deste servizo e de mellor prestación para a parte dos usuarios tense que axuntar dunha mellor financiación por parte dos poderes públicos e, nomeadamente, daqueles que son responsables. Polo tanto, desde o BNG van a apoiar esta proposta.

A concelleira da AEC (Grupo Mixto), Sra. González Amor, di que é evidente e necesario un aumento da dotación orzamentaria de axuda á dependencia xa que agora mesmo o que está cuberto son as horas xustas, e cando hai baixas de traballadoras ou vacacións, Servizos Sociais ten que facer encaixe de bolillos para cubrilas; polo tanto, están completamente de acordo en que hai que esixirles ás administracións que aporten, porque isto non vai a menos senón a máis: os gastos se van aumentando e é necesario dotar de persoal para cubrir o servizo adecuadamente.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, comenta que o sentido do voto do PP será en contra desta iniciativa, porque ao contrario do que indica a moción, non é certo que o Servizo de Axuda do Fogar sexa unha competencia impropia dos concellos; máis ben ao contrario: a Lei de Servizos Sociais de Galicia, aprobada por certo cando gobernaba a nosa Comunidade o PSOE, non se establece que lle corresponda aos concellos prestalo senón que, ademais, é un servizo mínimo obrigatorio. E tamén porque a Xunta está a facer un importante esforzo económico no financiamento deste Servizo de Axuda no Fogar: máis de 48 millóns de euros ao ano nos concellos da provincia da Coruña. Esta cantidade é doce veces superior do que destina a Deputación da Coruña ao Servizo de Axuda no Fogar básico, de libre asignación, e que non necesita que os seus beneficiarios sexan dependentes. Por outra parte, na exposición de motivos que fai o Partido Socialista, hai un punto que a eles, particularmente, lles rechía un pouco, que é o punto que di: "o dito incremento de prezo redundante, en grande medida, nunha mellora das prestacións ás persoas usuarias, fundamentalmente, persoas maiores e dependentes". Seguramente é un xeito de expoñelo e seguramente non vai por aí o tema e sexa unha elección inadecuada de palabras pero realmente, a calidade do servizo que reciben as persoas dependentes non ter que ver absolutamente nada co que se lles estea pagando aos traballadores ou non debería ter nada que ver; é unha guerra distinta. Di que os traballadores teñen todo o dereito a esixir unha mellora nas súas condicións laborais. Aí poden estar totalmente de acordo, e tamén que un incremento nos seus salarios, efectivamente é pertinente, pero isto non debe redundar en absoluto na calidade do servizo, independentemente do que estean cobrando, se reciben ou non ese aumento.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández, está de acordo en que o traballador ten que desempeñar o seu traballo o mellor posible pero cando o traballo está mal pagado, ás veces se complica facer o traballo correctamente. A Xunta de Galicia, o que subvenciona son horas traballadas e a diferenza co salario teñen que asumilo os concellos por iso, ás veces, é tan complicado asumir eses custes.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, comenta que xa na Comisión aprobaron esta proposta e seguen mantendo o seu apoio, porque entenden que outras administracións, como son a Xunta, o Goberno do Estado e tamén a Deputación, se deben implicar no mantemento dun servizo básico como así está recoñecido na Lei de Servizos Sociais de Galicia para a prestación dos veciños e veciñas. Neste concello houbo un convenio laboral no seu momento que mellorou bastante as condicións das traballadoras e progresivamente fóronselles incrementando horas para evitar que pasasen do tempo parcial, que estaban inicialmente, a tempo completo; neste momento o que falta é a xestión desa bolsa de substitucións que tivo unha serie de cuestións ou incidencias nos últimos meses e agardan que eses incidentes non se volvan a repetir, e que se busquen as solucións máis rápidas posibles para evitar que os usuarios queden desprotexidos do servizo; tamén son conscientes da situación das traballadoras municipais, en canto a que teñen que poñer medios propios para desenvolver o seu servizo e aí queren facer esta mención especial e lembrarillo ao goberno actual do Concello.







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, di que, de acordo coa Lei 13/2008, do 3 de setembro, de Servizos Sociais de Galicia, os concellos teñen a competencia e a obriga de prestar os servizos sociais comunitarios básicos e poden, tamén, asumir a competencia de prestar servizos sociais comunitarios específicos (artigo 60). Polo tanto, a prestación dos servizos sociais non é soamente unha competencia municipal senón que ademais é un servizo mínimo obrigatorio, tal e como establece imperativamente o artigo 61 da Lei de Servizos Sociais de Galicia, ao sinalar que todos os concellos de Galicia asegurarán, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal. Ademais, de acordo cos artigos 9 e 11 desta Lei, atribúeselle aos servizos sociais comunitarios básicos municipais a función da xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir autonomía persoal e atención á dependencia e no desenvolvemento destes artigos da Lei, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, indica nos seus artigos 9.1. d) e seguintes, que o Servizo de Axuda no Fogar, tanto básico como de dependencia é un servizo público e de carácter local, cuxa xestión lles compete aos concellos.

De seguido, a Presidencia somete a votación a moción, resultando 7 votos a favor, dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG, concelleira de AEC (Grupo Mixto) e concelleiro de EM (Grupo Mixto), 4 votos en contra, dos representantes do Grupo Popular, e ningunha abstención, resultando aprobada a moción.

### 7. Informes da Presidencia.

#### 7.a) Resolucións da Alcaldía.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra á Secretaria-Interventora accidental, que expón que neste punto dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende a última convocatoria de Pleno Ordinario; corresponden ao 2019 desde a 1145/2019, de data 22 de novembro de 2019: Convocatoria sesión ordinaria a Pleno ata a 1277/2019, de data 31 de decembro de 2019: Aprobación de gastos; e ao 2020: a 1/2020, de 2 de xaneiro de 2020: Prórroga do orzamento á 95/2020, de 24 de xaneiro: Convocatoria sesión ordinaria a Pleno, enviándose coa convocatoria un extracto cos títulos de cada un dos decretos.

Antes da pasar ao punto nº 8 de rogos e preguntas a voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que quere presentar unha moción pola vía de urxencia sobre a cancelación do contrato de servizos coa empresa encargada da xestión do Punto da Atención á Infancia (PAI) e lles gustaría traela a consideración do Pleno.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, solicítalle que expoña a proposta.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, procede a dar lectura á moción:

*“Moción solicitando a cancelación do contrato de servizos ca empresa encargada da xestión do Punto de Atención á Infancia (PAI).*

*Exposición de motivos.*





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*O servizo do Punto e Atención á Infancia ten como finalidade a prestación de apoio ás familias, tutores/as das nenas/os entre tres meses e tres anos, cando se dean situacións que lles impidan o seu coidado, así como un servizo destinado a axudar a conciliar a vida familiar e laboral das familias, ademais de poder atender casos que respondan ás necesidades puntuais.*

*O Punto de Atención á Infancia de As Viñas é un servizo público que ten como obxectivo a prestación dunha atención asistencial no municipio de Cabanas, para a atención ao colectivo das nenas/os menores de tres anos ao carecer dunha escola infantil.*

*Consideramos básico este servizo para as familias de Cabanas en base aos obxectivos fixados no inicio da posta en funcionamento de dito servizo, que a continuación relacionamos:*

*Son obxectivos do PAI:*

- Promover e fomentar o desenvolvemento integral das nenas/os e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas das nenas/os.*
- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto...*
- Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.*
- Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio.*
- Respectar a singularidade e diversidade de cada neno/a.*
- Facilitar a integración das nenas/os con necesidades socio educativas especiais.*
- Potenciar a coordinación dos recursos sociais, educativos, sanitarios, do ámbito municipal.*
- Posibilitar a integración progresiva das nenas/os na cultura do seu medio.*
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actividades diarias.*
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitado deste.*
- Facilitar a integración das nenas/os con necesidades educativas especiais (acomodar as estratexias de ensino ás necesidades das alumnas/os, poñendo especial interese naquelas nenas/os que teñan necesidades educativas especiais, en función do que, razoablemente, permitan os recursos).*
- Potenciar a coeducación para eliminar as manifestacións máis evidentes de sexismo na escola como: as relacións interpersoais, a distribución de tarefas entre o alumnado e o profesorado, utilización de tempos, espazos de recursos e o uso non sexista da linguaxe.*

*Están comprobadas durante estes últimos meses as dificultades que a empresa adxudicataria do servizo ten para cumprir as condicións establecidas no contrato, o que motiva que se deteriorenen os obxectivos propostos par este servizo, así como o incumprimento do contrato co persoal que está traballando no PAI por retraso no pago de salarios e seguridade social. Persoal que a pesar de todos estos problemas que están a sufrir seguiron realizando o seu traballo, con vocación e dedicación, traballo que ningún dos membros do goberno municipal souberon recoñecer, valorar ou agradecer.*

*Gracias a estas educadoras, este servizo funciona satisfactoriamente, e cun sorriso reciben ás nenas e nenos cada mañá, e dan o mellor delas, a pesar de ter que escoitar barbaridades do goberno municipal, sentíndose*





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

*infravaloradas aínda despois de estar traballando gratis durante os últimos catro meses. A isto tamén hai que sumar o desinterese do grupo de goberno ante as reiteradas queixas por parte das traballadoras sobre a limpeza do PAI, queixas que foron desatendidas en numerosas ocasións, xa que non se tomou ningunha decisión ao respecto.*

*O Concello de Cabanas non pode ser o soporte económico dunha empresa para pagarlle as débedas á seguridade social e permitir que as traballadoras que están facendo un traballo extraordinario para un servizo básico par as familias de Cabanas, como é o Punto de Atención á Infancia de “As Viñas”.*

*O Concello de Cabanas ten que actuar de inmediato, cancelando o servizo con dita empresa, aproveitando a situación económica in mellorable do noso Concello, a cal permitirá realizar o servizo directamente mentres non se teña redactado o novo pliego para sacar a contratación do servizo de xestión do Punto de Atención á Infancia de As Viñas.*

*O Concello de Cabanas ten a obrigaón de realizar a través do departamento de Servizos Sociais o seguimento do contrato, solicitar á empresa cantos documentos e informes resulten necesarios para o seu control, sendo a traballadora social do Concello de Cabanas responsable do funcionamento e control do contrato, segundo o establecido na cláusula 10 do pliego das Cláusulas Administrativas Particulares. Entendemos que en base a ese seguimento hai un expediente aberto onde dispoñemos de informes máis que suficientes que xustifican o incumprimento do contrato por parte da empresa.*

*Non podemos permitir que os impostos recaudados das veciñas/os de Cabanas permitan a financiación da empresa que está realizando os servizos de xestión do Punto de Atención á Infancia “As Viñas”, sen cumprir as cláusulas recollidas en dito contrato, ademais de non cumprir o contrato coas traballadoras que están realizando dito servizo.*

*Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes*

### ACORDOS

- 1. Cancelación inmediata do contrato á empresa adxudicataria do servizo de xestión do Punto de Atención á Infancia “As Viñas”.*
- 2. Xestionar directamente polo Concello de Cabanas o Punto de Atención á Infancia “As Viñas” ata a nova licitación e firma dun novo contrato coa empresa que sexa adxudicataria.*
- 3. Iniciar un proceso de licitación urxente para o Servizo de Xestión do Punto de Atención á Infancia “As Viñas”.*

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha quenda de intervencións para valorar a urxencia. Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández, manifesta que están totalmente de acordo e, de feito, desde o 9 de decembro, Novo Alicerce, empresa xestora do PAI manifestou as súas dificultades económicas, a falta de tesourería que estaba impedindo afrontar os gastos precisos para unha boa xestión e atención do PAI, así como





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

deterioros nas relacións coas súas empregadas polas falta de pagamentos, dende setembro, dos seus salarios; deterioro que se trasladou a moitas das familias usuarias do PAI, polo que entenden que hai razóns de interese público que fundamentalmente estriban no interese e adecuada protección das crianzas atendidas no PAI e das súas familias, polo que deciden solicitar ao Concello a transformación do procedemento da resolución do contrato. Dende este momento, dende o Concello de Cabanas, puxéronse en contacto con varias empresas para falar e explicarlles a situación na que se atopa o PAI e ver cales eran as súas impresións sobre dita situación e chegaron á conclusión de que o mellor que se podía facer nesta situación era facer un contrato a través dun procedemento negociado sen publicidade invitando a tres empresas; polo tanto, estase elaborando un novo regulamento interno do PAI, que terá que ser exposto e aprobado polo Pleno, ademais de estar preparando uns novos pregos administrativos para a próxima contratación. Cando teñan todo isto preparado e aprobado polo Pleno, invitarán a tres empresas para que se fagan cargo do Punto de Atención á Infancia.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que da resposta que lles deron o outro día na Comisión, que foi que ían a abrir unha nova licitación, non se lles explicou tanto. Agora saben que van a facer un procedemento de negociado con tres empresas, nova información que está ben sabela no Pleno. Pola súa banda, sobre a urxencia da moción, apoian esa urxencia e queren debater sobre este asunto.

Sometida pola Presidencia a urxencia da moción, con cinco votos a favor dos representantes do Grupo Popular e concelleiro de EM (Grupo Mixto), seis abstencións dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira de AEC (Grupo Mixto), e ningún voto en contra, resulta aprobada a urxencia da moción.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que é duro estar tantos meses sen cobrar, sen ter unha resposta clara por parte do goberno local; esa é a cuestión e, claro, os ánimos levántanse; en certa medida, habería que ter máis contención pero a situación é complicada. Non se pode estar esperando tanto tempo para resolver unha situación que, como xa manifestou nalgún caso, afectaba a persoas concretas que non teñen porqué estar tanto tempo sen percibir as súas retribucións; iso non é necesario. O Concello ten mecanismos suficientes para aplicar a recuperación do PAI, da súa xestión e conseguir que esa situación se reverta e, evidentemente, amparar tanto aos nenos como as traballadoras. Entende que se creou unha situación bastante complexa. Nesta liña, parécelles ben as propostas de resolución; as van a apoiar e gustaríalles que fosen un pouco máis transparentes porque cando se lles pregunta concretamente pola situación do PAI na pasada Comisión, dixeron que sería unha nova licitación sen especificar nada máis; agora resulta que van a facer un procedemento urxente porque non lles queda outro remedio; un procedemento urxente a través de tres empresas coas que xa faláron e isto vai a ter implicación para os traballadores e traballadoras do PAI, aínda que haxa unha subrogación hai un despido polo medio tamén e cre que son conscientes diso e iso non o contemplan





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Pregunta se non contemplaron a posibilidade de asumir directamente o Concello; pregunta cal é a cuestión que impide ao Concello asumir temporalmente esa situación; solicita que lla digan porque non a entende e hai que facelo. Economicamente hai que ter un estudo xa, non poden estar catro meses agardando. Hai outra cuestión: pregunta cantos cartos levan sen cobrar estas traballadoras. Saben que no que segundo a licitación anterior por un impago de 10.000 € xa terían que ter a rescisión automática; a empresa foi diante súa en todo momento. Cre que a situación de débedas que tiña a empresa non foi contemplada no seu momento, que superaron claramente os 10.000 €; di que aí é onde hai que fiscalizar. Xa o expresou no anterior Pleno, preguntoulles que facían e non lle souberon responder, déronlle largas e pregúntase se ten que haber unha traballadora de baixa para que acabe rompendo todo, pregunta se esa é a situación a que se ten que chegar; pregúntase se ten que haber máis traballadoras de baixa para que isto se acabe resolvendo e para eles non ten explicación. Manifesta que están de acordo coa proposta e van a apoiala.

A voceira do Grupo Popular, a Sra. Arias Martínez, gustaríalle empezar dicindo que pagar ás traballadoras os seus soldos e a seguridade social é o primeiro punto e a primeira obrigaición que se lle esixiu á empresa no contrato. Non pode permitir, como voceira do Partido Popular, é que unha empresa que non é de Cabanas, ademais, e os impostos dos nosos veciños vaian para pagar as barbaridades dunha empresa que está desprezando e maltratando ás súas traballadoras e con elo, aos usuarios tamén do servizo. O Concello, agora mesmo, está nunha situación económica, non vou dicir extraordinaria pero bastante folgada en comparación a como estivo. Os mércores, a directora do PAI non viña xamais e iso xa é unha falta grave. Con dúas faltas graves xa se podía rescindir o contrato. Pregunta se non se fixo un seguimento competente que houbo que esperar cinco meses e si se pasou o mércores por alí. Pregunta tamén se fixeron a providencia, despois de coñecer a problemática, para que a técnica correspondente e a policía local fixeran as investigacións e o seguimento correspondente. Pregunta se teñen a providencia e, se a teñen, se a poden ensinar porque lle parece que non. Ao mellor, efectivamente, hai que facer un novo prego, non di que non, pero o diñeiro dos cabaneses ten que ir para pagar ás traballadoras e seguridade social canto antes. Antes, non se fixo cargo o Concello e sacouse un contrato cunha empresa porque o Concello estaba endebedado. Cando eles estaban no goberno, o Concello estaba endebedado; aínda así, as traballadoras, e o poden dicir, o tempo máximo que estiveron sen cobrar foron dous meses e esa situación era debido á problemática que tiña nese momento Montero. Era un tema administrativo. Non se pode permitir que un servizo básico creado no goberno do PP vostedes, agora mesmo, o deixen perder. É un servizo básico e non van a consentir que, si queremos que veñan familias mozas e con fillos a Cabanas, se tanto falamos de crecemento demográfico e de potenciar o desenvolvemento económico da comarca, que deixen vostedes perder o servizo do PAI. Ten outra pregunta máis: quen se vai facer cargo exactamente deses cinco meses que se lles debe ás traballadoras, da seguridade social e dos soldos. Comenta que se fagan cargo e retéñanlles á nova empresa ese diñeiro, pero lles pide que se fagan cargo; eles están a favor de que fagan efectivamente as modificacións de crédito que sexan necesarias pero a xente ten que cobrar porque a xente, igual que os que todos os que están aí sentados, quere comer e é normal







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

que os ánimos se quenten; quere que conste que non aproba as formas pero, desde logo, no fondo, teñen toda a razón. Eles, cando houbo algún problema, polo menos, deron a cara y di que chamen á directora do PAI e lle pregunten se eles os mércores que non pasaba por alí, como era a súa obrigaición, recibía unha chamada telefónica ou non para saber onde estaba. Pregunta se chamaron algún mércores a esta persoa cando non se pasaba por alí, preguntado porqué non estaba alí cando era a súa obrigaición. E un simple si ou non;

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Fernández, respóndelle que non sabe, que tería que falalo coa Traballadora Social, pero di que si se chamou varias veces e ela, ás veces, non está operativa, outras veces contesta que está de baixa.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, fai dúas preguntas: se o Concello está disposto a facerse cargo, con fondos propios, que os hai, e saben que os hai, dos soldos destas traballadoras mentres non se amaña esta situación e a segunda pregunta e se o goberno fixo a providencia, despois de coñecer a problemática, para que a técnica correspondente e a policía local fixeran as investigacións e o seguimento correspondente. Di que se fixeron esta providencia a ela gustaríalle vela.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, di que o Concello, desde logo este goberno desde que ten constancia da problemática que está habendo no PAI, empezou a tomar cartas no asunto; poderá gustar máis a algúns e menos a outros, lle parece correcto. Diríxese á Sra. Arias Martínez para recordarlle que cando a directora non se presentaba cando estaban eles no goberno tampouco fixeron nada ao respecto, e que houbo falta de pagamentos e puideron abrir expediente e non o fixeron. O goberno fixo algo máis que eles e o que está facendo agora mesmo é preparar os pregos para canto antes sacar a nova contratación deste servizo. Dille á Sra. Arias Martínez que debería saber que o Concello non pode pagarlle ás traballadoras porque o Concello non ten ningún tipo de vinculación con esas traballadoras. Gustaríalle que se asesora mellor, sabe que para eles é moi populista dicir que sexa o Concello quen lles pague pero o Concello non pode pagar as nóminas dunha empresa privada, aínda que estea facendo un servizo; non tería ningún tipo de problema por pagar ás traballadoras pero non se pode e dilles que eles, que estiveron gobernando, deberíano de saber; é facer demagogia e lles parece surrealista facer este tipo de comentarios sobre que o Concello se faga cargo das nóminas dunha empresa que non pode facer. O goberno, actualmente, está preparando os pregos para sacar a contratación o antes posible, polo cal, está en vías de resolución e esperan que en breve, nas próximas semanas, quede solucionado este problema.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha segunda quenda de intervencións.

A concelleira do BNG, Sra. González Grueiro, di que, igual que veñen a preguntar tamén admiten propostas, pero propostas realistas. O Grupo do Partido Popular debería de saber, porque estiveron gobernando durante moitos anos, que cando se trata dun contrato de prestación de servizos non son traballadoras do Concello e baixo ningún concepto se pode pagar unhas nóminas, aínda que sexan nóminas atrasadas; entón, se lles dan unha proposta de como prevaricar sen prevaricar aceptarana, porque pagar esas nóminas sería





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

prevaricación. Pregúntalle á Sra. Arias Martínez se está de acordo con ela en que é un contrato de prestación de servizos, que non teñen nada que ver con esa empresa; di que os contenciosos administrativos van como van. Tamén quere recordar que isto podería ser máis rápido se a empresa se ativera a negociar cando se lle propuxo no mes de setembro, pero lonxe diso, o retrasou e alegou ao expediente, e non foi ata meses despois cando se puido paralizar o proceso, despois de moitas chamadas. Todos están en desacordo con esta situación, aínda que pensen que non, pero os tempos da administración son os que son e un contrato de prestación de servizos, o Concello, por moitas modificacións de crédito que faga non pode facerse cargo dun contrato dunha traballadora que non é do Concello porque incorrían nunha prevaricación e lle di á Sra. Arias Martínez que ela o sabe.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en primeiro lugar, quere mostrar o respecto ás traballadoras e comenta que se escudan en burocratismos, cando está claro que ante unha situación deste calibre non se pode botar balóns fóra, con excusas que todos saben que se poderán resolver doutra maneira. Non veu que desde novembro fixeran nada nesa liña; preguntoulles para saber cal era a súa opinión e non lle contestaron absolutamente nada; sorprendeulle a situación e, incluso, a primeira contestación que se deu en setembro, e pensou que non debían de ter as cousas claras; cando hai problemas cunha empresa hai que cortar de raíz e poñer as cartas enriba da mesa, non se pode agardar a que esa empresa se revolva e faga o que fixo, que foi prolongar o seu contrato, e vostedes deixárona ir polo seu camiño e chegar a cinco meses sen cobrar; entende que hai pagas extras polo medio e cree que se pasou dos 10.000 euros; di que o Concello ten que investigar e pregunta onde está a investigación do Concello sobre iso porque el non a viu. Di que son moitas cousas e que non viu que o Concello fixera nada nesa liña porque preguntou expresamente e di que eles responden nunha liña de que non poden facer nada; si que poden facer, poden rescatar o servizo desde que non se está cubrindo o servizo ou dende que non se está pagando, e di que poden asumir tranquilamente ás traballadores porque así o establece o convenio para o coidado para nenos, é dicir, en puntos de atención da infancia; é un convenio que obriga á subrogación das traballadoras e pregunta porqué prolongaron durante tanto tempo esta situación e porqué non asumiron directamente o servizo. Non o entende e comenta que agora van e din que van a facer unha licitación con tres empresas. Comenta canto se incrementou a partida e pregunta se van a cobrar o mesmo que estaban cobrando as anteriores, se hai unha previsión de orzamento que incrementa as contías porque, polo visto, non deben de chegar os cartos para manter o PAI; pregunta se incrementaron esas contías no orzamento para non volver a cronificar a situación e que outra empresa acabe caendo nos mesmos problemas, por insuficiencia de ingresos, pois ao mellor nos atopamos en que non se están resolvendo os problemas de raíz e estase ante unha improvisación do goberno local, que é o que non lle gustaría. Gustaríalle que aclarasen esas cuestións porque son importantes.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, di que non pide prevaricar pero saben que hai antecedentes e da súa cor política; comenta que agora un deles xa non, porque o Concello de Mugardos ten outra cor política, pero di que tanto no Concello de Mugardos como no Concello de Pontedeume, se poden informar xa que se buscaron as formas e as





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

maneiras de solucionar estes problemas sen incorrer en ningunha ilegalidade e sen prevaricar; subscribe que non lles van a dicir a eles, como se viñeran onte a este Concello, que non hai maneiras de poder solucionar as cousas sen incorrer en ningunha ilegalidade.

Por outra parte, di que a razón pola que isto se dilata no tempo é porque desde un principio non se presentaron alí dous mércores seguidos para constatar, como dúas faltas graves, que non estaba a directora do PAI. Polo tanto, xa se pode rescindir de maneira inmediata o contrato. Entón, pola súa incompetencia retrasouse isto, non por un tema administrativo. Di que lle pode falar de ter un pouco de cabeza, de prevaricación e pode adornalo coas palabras que queira pero aquí hai un tema clarísimo de incompetencia básica, que é que se hai un problema se soluciona e se reacciona desde o primeiro momento, non se chega a estes extremos porque logo, efectivamente, o tema administrativo tarda o que tarda; por iso, se desde o principio se houbera rescindido o contrato por medio de dúas faltas graves, simplemente con dous mércores que non estivese a directora do PAI, xa se houbera conseguido. Di que é así e que o poden disfrazar como o queiran e dilles que poden ir ao Concello de Mugardos e falar agora coa oposición o ir a Pontedeume, que o teñen máis preto, e verán como estes temas solucionáronse e se buscaron as maneiras, sen prevaricar e lles di que pregunten eles porque se ela o saben eles tamén, que estarán máis próximos a eles.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, respóndelle á Sra. Arias Martínez que non son casos similares. Di que o goberno municipal realmente non está nin feliz nin contento con esta circunstancia, que obviamente o poden disfrazar da maneira máis bonita pero logo a realidade é outra. Di que se o puidese ter solucionado no mes de decembro, ou no mes de outubro, faríase, pero non foi así; desafortunadamente a administración é como é e ten os seus tempos; oxalá puidera ir máis rápido e, de todas formas, están traballando o máximo posible para solucionar este problema o antes posible.

De seguido, a Presidencia somete a votación a moción presentada polo Grupo Popular, resultando 5 votos a favor dos representantes do Grupo Popular e concelleiro de EM (Grupo Mixto), 6 votos en contra dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira de AEC (Grupo Mixto), e ningunha abstención, quedando rexeitada a moción pola vía de urxencia do Grupo Popular.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que eles tamén tiñan unha moción de urxencia relativa ao que xa preguntaron en plenos anteriores sobre as actuacións dos maderistas dos camiños municipais e, a raíz da resposta do goberno, quedaron preocupados e revisaron a ordenanza correspondente e consideran conveniente, á maior brevidade, ampliar os requisitos para autorizar a saca, a corta, o depósito e o transporte da madeira, porque están creando bastantes trastornos no Concello e comenta que as actuacións que neste momento pode desenvolver a Policía Local non están protexidas por unha ordenanza un pouco máis efectiva e ven que é urxente facelo porque senón pode ir a máis e piden modificar a Ordenanza de Medio Natural no relativo a esa corta, saca, depósito e transporte de madeira no termo municipal de Cabanas. Ven que é urxente polas circunstancias porque están desfacendo os camiños e non hai ninguén que se





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

faga cargo e a Policía Local non pode actuar máis alá do que xa está establecido e cren que se deben endurecer un pouco as condicións porque realmente os trastornos son suficientemente de entidade como para que o Pleno se pronuncie.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage pregunta se hai intervencións da urxencia. Non habendo intervencións, a Presidencia somete a votación urxencia da moción presentada polo concelleiro de EM (Grupo Mixto), resultando aprobada por unanimidade.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Perez Sardiña, expón a moción: comenta que sobre este asunto preguntaron en Plenos anteriores sobre a corta de camiños, incluso, por parte dos maderistas. Comprobaron persoalmente in situ como os maderistas colocan madeira polas beiras do camiño sen ningún control, incluso obstaculizando parte dos viais municipais, en distintos puntos, e esa situación está moi agravada porque son moitos os maderistas que están actuando nesta época; son moitos e moita cantidade e hai moitos tractores percorrendo camiños de terra que son tamén feitos polo Concello, no seu momento, e camiños de asfalto, incluso atrancándolle a veciños en distintos viais e entenden que a súa actuación debe requirir un estudo do que está pasando, e o seu mantemento nos diversos plenos e nas reunións que sexan necesarias para estudar a actuación, requirir os informes técnicos necesarios, tanto ao persoal municipal técnico como a opinión dos distintos grupos políticos e nese sentido propoñen modificar a Ordenanza de Medio Natural no relativo a corta, saca de madeira, depósito e transporte destes materiais para que se poida facer a modificación do artigo correspondente, dando prazos para facelo e pedirilles que sexa canto antes.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións. Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

O voceiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, manifesta que o Goberno está a facer unha revisión de todas as ordenanzas en xeral, adoptando tamén prioridades, e desde logo esta que comenta o Sr. Pérez Sardiña con ese punto específico xa a valoraron desde o Goberno; están traballando conxuntamente coa concelleira de Servizos para modificala nese sentido, porque precisamente detectan tamén esa eiva.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, di que desde o Partido Popular van a votar a favor; están de acordo porque xa o anterior goberno tiña idea de sacar unha ordenanza similar e, de feito, xa se falara coa Policía Local para poder levar a cabo unha actuación así; di que, evidentemente, por razóns obvias, non puideron levala a cabo. Están de acordo e o sentido do seu voto será a favor.

De seguido, a Presidencia somete a votación a moción presentada polo concelleiro de EM (Grupo Mixto), resultando once votos a favor, dos representantes de Grupo Popular, Grupo Socialista, Grupo BNG, concelleira de AEC (Grupo Mixto), e concelleiro de EM (Grupo Mixto), ningún voto en contra e ningunha abstención, resultando aprobada a moción por unanimidade.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

### 8. Rogos e preguntas.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, comeza coas súas preguntas:

1. A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, comenta que o Concello de Cabanas está adherido á proposta de Sogama para rebaixar un 10% o recibo dos residuos sólidos urbanos e o Concello ten que repercutilo nos veciños, nos seus impostos. Pregunta cando e como pretenden facelo.

O voceiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, contesta que están mirando dito asunto cos Servizos Municipais.

2. A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, di que da por feito que a empresa que está revisando a RPT ten contrato, pero queren saber como se produciu esa licitación. Pregunta se cumpre todo o proceso de protección de datos, dado que está entrevistándose co persoal e recollendo información e tamén pregunta en que tipo de arquivos se garda toda esa información e quen e o responsable de tratalos.

A concelleira do Grupo BNG, Sra. González Grueiro, di que coa empresa da RPT teñen, desde unha semana antes de empezar as entrevistas os acordos de confidencialidade e eles son os que están custodiando toda a información; despois traerase para ser custodiada no Concello, porque agora mesmo están analizando a información das entrevistas; traerase para ser custodiada no Concello e as gravacións destruíranse.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, pregunta quen será o encargado de tratar con todos estes datos.

A concelleira do Grupo BNG, Sra. González Grueiro, pregunta a que tipo de datos se refire, si se refire ás preguntas que lles fan aos traballadores.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez responde que si.

A concelleira do Grupo BNG, Sra. González Grueiro responde que as preguntas se recollen por escrito e, unha vez que se traten os datos das respostas que eles dan sobre o seu posto de traballo para facer as propostas de reorganización de postos de traballo, esa documentación virá ao Concello e se custodiará pechada no arquivo e lacrada.

A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez di que a súa pregunta é quen será o responsable de custodiar esa información ata que se peche, pregunta si se sabe, se hai unha persoa encargada xa.

A concelleira do Grupo BNG, Sra. González Grueiro, contéstalle que de momento non.

3. A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, comenta que a obra pertencente ao POS da Barrosa se plantea nunha rúa que xa comprobaron que non está cedida ao Concello, entón di que si eles poden rebater iso solicitan os informes e a documentación que acredite a cesión. Pregunta se teñen a dita documentación.







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, comenta que os servizos técnicos municipais informan que é municipal. A Sra. Arias Martínez di que entón terán a documentación que acredite a cesión e solicita se lla poden facilitar, o cal agradecerían moitísimo. O Sr. Alcalde está de acordo.

4. A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, di que quixeran saber quen é o funcionario que actúa na Xunta de Delegados e así mesmo solicitan as actas das ditas reunións.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, contesta que é Adela e que terá as actas.

5. A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, fai unha serie de preguntas: ¿con que empresa se contactou para a retirada das árbores caídas debido ao temporal?, ¿en base a que criterios se adxudica a contrata?, ¿como foi a contratación?, ¿cal foi o custo?, ¿que se fixo coa madeira?, ¿en que estado se atopan as árbores que foron doados por particulares? e si se lle está facendo algún tipo de mantemento.

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, contesta que se fixo un orzamento e considerouse que fose a custo cero porque o traballo e a maquinaria que requiría eran un importe, valorouse a madeira e, aínda que a cousa non chegaba a ser de todo compensatoria para a empresa, conseguiron unha empresa que si retirou a madeira e non lles cobrou nada pola corta e pola retirada. En canto ao estado das árbores que se replantaron, a Sra. García Amor contesta que agora mesmo está a empresa Arbogal facendo o informe e contan con que en breve poidan abrir o piñeiral; quedan por facer algunhas pequena podas para retirar algunhas pólas caídas; di que, particularmente, as árbores replantadas non lle pode dicir agora mesmo como están, preguntarlles a eles e dirallo no próximo Pleno e sabe que está o piñeiral pechado, pero por problemas climatolóxicos fáltalles facer, cunha cesta, podar algunhas pólas que están perigosas e poder abrillo con todas as máximas condicións posibles.

6. A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, pregunta se existe algún motivo polo cal se cambiou de taller para o mantemento e reparación dos vehículos municipais.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, responde que non, que en lugar de concentrar todo nun mesmo taller hai outros talleres no concello que tamén teñen dereito a dar servizo, nada máis

7. A voceira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, comenta que a Xunta lle esixe ao Concello de Cabanas desbloquear a obra de San Domingo, polo que pregunta como está este tema porque di que segundo o goberno faltan traballadores, pero xa faltaban antes, e pregunta como está este tema.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, contesta que xa está toda a documentación presentada á Xunta e están pendentes das novas directrices por parte de Augas de Galicia, coa que estiveron traballando desde o inicio. Queda pendente un permiso de Costas, que se vai pedir cando o estipule Augas de Galicia e, polo resto, nada máis. Di que se podería haber adiantado o permiso de Costas fai xa uns meses, cando estaban gobernando o





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Partido Popular, e non o fixeron, polo cal están onde están, pero coméntalle que non se preocupen, que a obra vaise realizar, que están traballando para elo e, coa colaboración de Augas de Galicia, están traballando niso. Coméntalle que, de paso, lle pode dicir a Xunta de Galicia que lles pague os 200.000 euros que lles debe.

A Sra. Arias Martínez coméntalle ao Sr. Alcalde, Ladra Brage, que si lle parece tamén lle pode dicir ao Goberno Central que lle pague aos concellos todo o que lles debe.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra ao concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, que comeza coas preguntas e suxestións:

1. O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta polos dous temporais que aconteceron nestes meses atrás, aínda que quedan moi atrás porque o último Pleno foi en novembro: o primeiro temporal de inundacións, que causou graves trastornos en distintos puntos, e despois un temporal de vento. Queren preguntarlles que fixeron en cada un, que fixeron cando aconteceron as inundacións, se detectaron os problemas principais que provocaron esas inundacións, que actuacións teñen previstas para evitalas nun futuro e que atención recibiron as persoas afectadas porque houbo distintas vivendas que se viron afectadas e gustaríalles que lles aclararan que compromisos adquiriu o Concello con esas persoas.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, responde que, referido as inundacións, ese día estívoe traballando coa colaboración de Protección Civil, cos medios que tiñan, e máis tamén houbo colaboración por parte de concelleiros traballando ese día para emendar os problemas; estiveron atendendo a todas as vivendas que deron aviso ao 112, estiveron en todas elas e di que están traballando para que Augas de Galicia limpe os ríos porque é unha competencia súa e, a verdade, parte das inundacións é pola falta de limpeza dos mesmos e comenta que, en canto as familias afectadas, estiveron colaborando con elas e facilitándolles a documentación para solicitar as axudas que presentaba o Goberno. Pola parte do temporal do vento tamén, durante toda unha tarde-noite, estiveron máis de doce horas de traballo entre Protección Civil e tamén parte dalgún concelleiro de aquí, traballando toda a noite para que se emendaran todas as deficiencias ou, polo menos, a gran maioría. Comenta que se cortaron arredor de trinta-corenta árbores nesa noite e soamente quedou un camiño cortado que era o de Chamoso. En canto os danos no piñeiral, foron catalogados como vinte e tres árbores caídas e están traballando aínda hoxe en día, xa que hai algún fleco por aí pendente de emendar por parte de empresas de tendido eléctrico e de telefónica, onde estamos requirindo que emenden eses problemas.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña comenta que no que lles correspondeu si que comprobaron a existencia de incidencias que non se resolveron no mesmo día, sobre todo nas inundacións e, en todo caso, lles preguntan se non analizaron a situación, especialmente do Chao e da Costa en San Martiño do Porto, porque di que foron dúas zonas que non só Augas de Galicia pode ter competencia aí, de feito o Concello ten actuado para evitar esas inundacións, concretamente, no Chao da Aldea, e preguntalles se valoran seriamente facer unha actuación aí. Tamén





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

pregúntalles que van facer co saneamento do Barreiro porque, como xa levan denunciado aí en moitas ocasións, introduciron augas limpas, augas brancas dun regato directamente ao saneamento, entón cada dous por tres ven un pouco de auga e reborda alí, e aquilo é tremendo, os negocios de alí están un pouco desamparados por esa situación. Comenta que na Costa non só é, evidentemente, una falta de limpeza tamén ee gustaríaalles saber que teñen pensado facer, concretamente, neses puntos.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, responde que teñen varias infraestruturas municipais que se teñen que redeseñar porque está visto que, en casos de emerxencia, como puido ser ese día, si fallaron como poden ser algunhas pontes municipais que temos ao largo do río, e outras infraestruturas de recollida de augas pluviais, fallaron completamente, polo cal si que están a valorar que posibilidades teñen de mellorar esas infraestruturas e se realizarán.

2. O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en relación ao piñeirial, manifesta que aínda que atribúen ao vento a caída das vinte e tres árbores, segundo dixeron na prensa, comenta que cando menos tres árbores caeron polo encharcamento do piñeirial, con anterioridade ao venres; puideron comprobar o propio xoves, que había tres árbores caídas a raíz das inundacións, porque houbo un encharcamento e as árbores caen polo seu peso; entón di que, realmente, polo temporal caeron vinte e queríaalles preguntar cantas árbores, aparte desas vinte que caeron polo vento, e tres que caeron polo encharcamento, cortaron a maiores.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, coméntalle que, xa postos a incluír todas, caeu estes últimos días unha máis, no aparcadoiro enfronte ao piñeirial; dille que a sumar sumamos todas. Respóndelle que se cortaron, se non se equivoca, tres árbores máis do paseo por temas de seguridade que lles recomendou a empresa Arbogal, que está realizando o estudo; foi por meros temas técnicos, non foi por arbitrariedade nin moito menos.

O Sr. Pérez Sardiña di que si foi por temas técnicos supón que estarán fundamentados. Pregúntall, se trataron xa para a procesionaria porque está en pleno apeo neste mes.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, respóndelle que tamén están traballando con eles para emendar ese problema da procesionaria; lles recomendaron algunha solución que vale para un apaño, pero non vai erradicar o problema; que están a traballar con eles para erradicar a procesionaria para o ano que ven, durante este ano para cara o vindeiro ano tela o máximo posible erradicada.

3. O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en relación ás casas en ruínas que hai no Areal, que hai dúas, concretamente; polo menos unha en ruína eminente, que ten deber de recuperación e outra aínda non está declarada pero que tamén é moi perigosa pola súa situación. Unha é a de Xan Ares, que cree que fixeron un decreto para actuar sobre ela, pero falta a casa do Pino, que está nas mesmas circunstancias e máis hai perigo de caída de tella sobre a beirarrúa. Pregúntalles que medidas se están tomando para protexer aos cidadáns e aos viandantes nesa zona, porque cos temporais que está habendo e coa xente que pasa por alí, que é bastante, tanto ao carón da casa de Xan





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Ares como ao carón da casa de Pino, ven que a situación aí é perigosa de máis e pregunta que están facendo.

O voceiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, responde que con respecto a esas vivendas, elaboráronse os correspondentes informes municipais e, no caso da casa de Xan Ares, xa se fixo a orde de execución das actuacións urxentes que teñen que facer os propietarios e está previsto levar a cabo as tarefas de prevención que van a consistir nun valado da zona e que se van a realizar de forma inminente.

O Sr. Pérez Sardiña coméntalle ao Sr. Varela Martínez que entende que está falando da casa de Xan Ares pero insístelle sobre a caso do Pino e pregúntalle polas medidas.

O Sr. Varela Martínez respóndelle que da casa do Pino está tamén feito o informe e está pendente de facer a orde de execución para tamén indicar as actuacións e se van a tomar as medidas adecuadas de prevención para evitar un accidente nesa zona.

- O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en relación ao tema do saneamento, comenta que recibiron preguntas de veciños e veciñas e ven falta de obras de saneamento nos Plans de Obras e Servizos da Deputación, un dos catro servizos básicos que debe prestar o Concello, segundo a Lei de Bases de Réxime Local, e queren preguntarlles que proxectos ten o Concello, o goberno local, para dotar de saneamento a parroquias no presente ano 2020.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, contéstalle que están a traballar conxuntamente as concellerías de Obras e Servizos para reformular que zonas son máis necesarias de saneamento e nos próximos POS se incluírán.

O Sr. Pérez Sardiña suxírelles que teñan en conta a proposta que xa fixeron no Pleno, con relación a un Plan de Saneamento específico para distintas parroquias.

- O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta polos problemas que se producen no Camiño de Tras da Vila cara ao Penso, na actuación de asfaltado e que se produciu o mesmo dun dos temporais, porque os veciños quéixanse que segue habendo filtracións e, a pesar de que o Concello gastou alí bastantes cartos, a día de hoxe ese problema aínda non se resolveu e esa obra era concretamente para resolver os problemas de filtracións aos garaxes dos edificios do Penso e, nese sentido, queren que lles aclaren que é o que aconteceu e que medidas van a adoptar para resolver esa situación.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Ferreiro, responde que están informados dese problema; estiveron no edificio coa apareladora municipal e están investigando a ver porqué hai ese problema despois de facer a obra porque de feito se impermeabilizou, a obra se fixo ben, pero o que si que é verdade é que no fondo segue habendo auga e están investigando a ver que pasa.

- O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que teñen coñecemento de dous decretos da Alcaldía, que hai presentado un contencioso para cobrar unha débeda de propietarios afectados polos realoxos no edificio do Penso e





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

pregunta porqué se chega a este contencioso, quere que llo expliquen aquí, se non se puido chegar a un acordo coas persoas afectadas cando se viron claramente afectadas por un realoxo derivado, por motivos alleos a súa vontade e presentaron unha serie de gastos, 2.000 euros, que tampouco é que sexa unha gran débeda. Non entende porqué teñen que chegar a un contencioso por esas cantidades tan pequenas cando cre que está suficientemente xustificado no seu momento; que viñeron en moitas ocasións a reivindicar esa débeda e quere saber cal é a opinión do goberno local en relación a isto.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, respóndelle que a contestación que se lles remitiu aos propietarios foi que non correspondían eses gastos que reclamaba ao Concello non correspondían ao pago.

7. O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en relación ao Penso, tamén lles quería preguntar que hai un dos pisos da segunda fase, que xa manifestou en múltiples ocasións neste Pleno e di que eles o escoitaron, os concelleiros que estiveron na pasada legislatura, que ese piso non cumpría, o resultante da execución da obra non cumpría as normas de habitabilidade; entón queríanlle preguntar ao goberno local que está a facer para garantir que ese piso teña as normas de habitabilidade convenientes e ver se o que está previsto no proxecto, ou estaba previsto no proxecto, se cumpriu á hora da execución.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, contéstalle que xa teñen constancia diso e os servizos técnicos municipais están xa revisando a documentación; tamén foron ata alí a facer medicións e esperan que pronto teñan a resolución do tema.

O Sr. Pérez Sardiña, pregunta cal é a previsión do goberno local se non cumpre as normas de habitabilidade e non se cumpriu o proxecto e que actuacións concretas ten que facer o goberno

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, contéstalle que se terá que reclamar á persoa que corresponda as actuacións para corrixir ese problema que ten ese piso en concreto.

8. O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en relación co Plan Xeral de Ordenación Municipal, comenta que non tiveron noticias desde o mes de novembro; saben que teñen dúas mocións de asociacións locais bloqueadas e sen incluílas na Orde do día do Pleno; incluíndose propostas doutras asociacións, de fóra do Concello, que non teñen nada que ver con el, e que foron debatidas neste Pleno e, pola contra, unha moción asinada por tres asociacións e outra moción asinada polo Presidente dunha delas, resulta que non se tramitaron. Entenden que hai que ter ao mesmo tratamento para os de fóra que para os de aquí; non saben que pasou aí e gustaríalles saber como xustifican que non se inclúsen esas mocións neste Pleno ordinario da corporación.

O voceiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, contéstalle que xa se lle explicou. O problema da moción é que presenta obxectivos finais que o Goberno pode compartir pero con métodos para chegar a eles cos que discordan. Coméntalle que é certo que eles queren incluír certas modificacións ao Plan Xeral, como por exemplo era o tema da







## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

ampliación do colexio, mais neste punto da tramitación do Plan Xeral non se corresponde.

O Sr. Pérez Sardiña, pregúntalles se enviaron a documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal á Xunta de Galicia.

O Sr. Varela Martínez, respóndelle que non toda porque aínda falta un informe de Augas de Galicia por recibir e tamén Costas do Estado mandou un requirimento para que lle fora remitida a documentación en castelán, e neste momento estase procedendo á súa tradución.

O Sr. Pérez Sardiña, pregúntalles se saben que superaron os prazos legais para entregar a documentación de volta.

O Sr. Varela Martínez, contéstalle que, como comprenderá, se a eles non lles envían, o resto das administracións a documentación que se lles require non podemos completar ese expediente.

O Sr. Pérez Sardiña, pregúntalles se llo comunicaron á Secretaría Xeral de Urbanismo.

O Sr. Varela Martínez, reitéralle que están esperando eses documentos, ao que o Sr. Pérez Sardiña volve a reiterar a súa pregunta de si llo comunicaron á Secretaria Xeral de Urbanismo.

O Sr. Varela Martínez, contéstalle que están esperando a completar a documentación para enviar a documentación que falta.

O Sr. Pérez Sardiña, manifesta que se non enviaron a documentación lles suxire, como xa lles manifestaron legalmente, que xa terían que ter requirido en prazo, cando eles llo requiriron no Pleno, esa documentación de volta para poder anular a aprobación provisional. Di que é plenamente legal e sancionado por Tribunais Superiores de Xustiza de distintas Comunidades Autónomas, pero di que é unha decisión política, evidentemente.

9. O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en relación á limpeza da praia, comenta que cos últimos temporais e está chea de troncos, de todo tipo de ramalla nunha situación un pouco complicada. Pídelles e pregúntalles se teñen pensado actuar, sobre todo, cos grandes troncos que hai aí porque realmente son un perigo; se nalgún momento o temporal leva eses troncos para o mar aberto son un perigo para a navegación e coméntalles que se non é o Concello deberían comunicarlle, canto menos, a Costas esa situación; pregúntalles se o fixeron ou o van a facer e se teñen constancia deste problema.

A concelleira do Grupo AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, contéstalle que non sabía que eran de tal envergadura; sabía que hai troncos e pasou por alí pero non sabía que eran tan, tan grandes como para afectar á navegación e aceptan de boa maneira a súa suxestión e avisarán a Costas. Coméntalle que teñen contemplado facer unha limpeza da praia como se fai todos os anos, como se viña facendo co goberno anterior,





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

e se valora facer cando empece o bo tempo xa tela limpa de todos os troncos e a ramalla posible.

10. O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, pregunta en relación co talud de Renfe, na zona do Cantíño; viron unha noticia na que se fai mención a esa situación de perigo para o tren entre A Coruña e Ferrol, que ten un risco de caída, pero lles queren preguntar se o Concello elaborou algún tipo de informe técnico sobre a situación desa zona e tamén lles queren preguntar por esa zona concretamente porque hai unha zona que é de Renfe pero hai outra parte que é particular, e non saben distinguir; comenta que terá que facelo un técnico, que é o que lle corresponde a Renfe e o que lle corresponde a un particular, porque aí hai propiedade privada tamén, pegada a Renfe, e gustaríalles saber que é o que fixo o Concello neste tema e se hai informes que xustifiquen a noticia da prensa.

O voceiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, contéstalle que o Concello o día 20 de decembro, venres, de maneira urxente, na última hora da mañá, comunicalle a ADIF unha situación grave de desprendemento de lodos sobre unha finca particular e tamén sobre o paseo marítimo, no tramo final. Iso foi o venres 20 de decembro con carácter urxente. O día 23 visitaron esa zona co arquitecto municipal e, posteriormente, o arquitecto realiza un informe achegando fotografías. Coméntalle que, como sabe el, a infraestrutura de ADIF non é competencia do arquitecto municipal entón se poñen en contacto con ADIF e, de maneira reiterada telefonicamente, para que veña o enxeñeiro ou enxeñeira de ADIF revisar ese terreo con carácter urxente; agora terá que ser ADIF quen tome unha determinación sobre o que ten que facer nese talud para evitar que siga erosionándose.

O Sr. Pérez Sardiña comenta que entende que non achegaron ningún tipo de informe a ADIF; unha administración pública, un Concello neste caso, cando ve un perigo, concretamente para unha vivenda deste Concello e vías que poden ser afectadas, pode remitir un informe técnico que consta e fáielle constar a ADIF que a obriga é deles á hora de ter responsabilidade, porque as chamadas non quedan rexistradas en ningures; suxírelles que se remitise informe técnico asinado pola persoa competente para que haxa coñecemento oficial por parte de Renfe desa situación porque non chega con que se publique no periódico e tampouco chega con que os chamen; hai que adoptar unha medida administrativa, neste caso.

O Sr. Varela Martínez contéstalle que xa lle comentou na súa primeira intervención que o día 20 de decembro, venres, a última hora da mañá, o Concello de Cabanas lle mandou, por rexistro, a ADIF, a denuncia da situación.

O Sr. Pérez Sardiña preguntalle se mandaron un informe.

O Sr. Varela Martínez contéstalle que, como comprenderá, por motivo da urxencia non se fixo ese informe, se fixo unha notificación de urxencia porque había unha situación de urxencia, a última hora da mañá, e non había tempo material para facer un informe técnico; entendían que era unha situación de urxencia e que lle corresponde a ADIF o





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

mantemento da estrutura e a responsabilidade de que esa estrutura sexa estable, ten que ser ADIF a que recibe comunicación; ademais recibiu comunicación por rexistro, comunicación telefónica co Centro de León, que o fixo el persoalmente, e se lle remitiu por correo electrónico.

O Sr. Pérez Sardiña recoméndalles, encarecidamente, que fagan uso dos técnicos municipais e dilles que eles non teñen presunción de veracidade; os únicos que ten presunción de veracidade aquí é a Secretaria-Interventora ou o arquitecto municipal ou cando se asina un informe a asistente social; son os técnicos, non son os políticos; os políticos non teñen esa presunción polo tanto, a Administración de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) non ten obrigação a contestar a iso; o único que lle está pedindo é que remita un informe e llo suxire expresamente, porque cre que non está entendendo o que lle quere dicir.

O Sr. Varela Martínez contéstalle que cre que o que non o entende e el. Dille que se fixo un informe polo arquitecto municipal e se contactou con ADIF por todas as vías posibles e non ten máis que dicir.

O Sr. Pérez Sardiña manifesta que se hai ese informe que o remita oficialmente por conduto de rexistro oficial de saída.

11. O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, en canto ás obras que se están desenvolvendo na praia de Chamoso, gustaríalles que lles explicaran o seu cometido e en que medida se adaptan á situación de emerxencia climática porque, concretamente nesa praia, é moi común que as escaleiras que se fan de cemento acaben, no verán seguinte ou no outro, arrastradas polo mar; entón queríanlles preguntar que previsión tiveron en relación a iso.

O voceiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, contéstalle que, como sabe, as obras de Chamoso non as levou a cabo o Concello, as levou a cabo Costas e fíxose unha actuación no que é na parte inferior das escaleiras; se fixo tamén unha actuación de cementado na parte superior do talud; é unha situación que eles consideran suficiente; a eles lles parece que é pouco ambiciosa e que seguramente non solucione o problema do talude que veñen denunciado desde hai moito tempo; teñen pendente tamén a visita do responsable de Costas para visitar esa zona con el e indicarlle as cousas que eles cren que se poden mellorar.

O Sr. Pérez Sardiña di que lles quedan dúas cuestións que lles fixeron chegar os veciños, concretamente; non son deles, simplemente trasládanas.

Primeira. Preguntáronlles concretamente, pola situación da telefonía do Concello e telefonía móbil e di que preguntan os veciños cantos teléfonos móbiles municipais hai.

O concelleiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, contéstalle que, tendo en conta que leva case vinte anos de concelleiro, cre que para ter unha resposta concreta o lóxico sería que estivera rexistrada esa pregunta, e dille que non se preocupe que lle responde no seguinte Pleno sen ningún problema; as facturas pódenas ensinar sen ningún problema.





## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O Sr. Pérez Sardiña dille que non lle pregunta polas facturas senón o número de liñas móbiles que ten o Concello.

O Sr. Varela Martínez respóndelle que as liñas fixas, os teléfonos fixos son móbiles tamén, é dicir, unha tecnoloxía non cableada.

O Sr. Pérez Sardiña insístelle en que lle pregunta polas liñas móbiles.

O Sr. Varela Martínez contéstalle en que lle está dicindo que todas son liñas móbiles, independentemente de que teñan un número fixo, e que lle dará a resposta no seguinte Pleno. Coméntalle que se quería ter unha resposta hoxe podería tela preguntado por escrito e se lle da sen problema, non hai ningún problema, non hai nada que ocultar.

Segunda. A segunda pregunta que lles trasladaron os veciños é sobre a viaxe a FITUR; quería preguntar canto costou esa viaxe.

O voceiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, contéstalle que costou cero euros, porque o billete a FITUR pagouno el, viaxou en Ryanair e pagou menos de 20 € polo billete de ida e volta e a entrada, ao ser a través de Turgalicia foi gratuíta, e entón ao Concello supúxolle cero.

A continuación a Presidencia levanta a sesión, sendo as 22:05 horas, da cal estendo a presente acta, a cal se une como Anexo a gravación sonora, e do que eu como Secretaria accidental, dou fe.

Vtº e prace.  
O Alcalde

A Secretaria accidental,

